

## O TEATRO COMO PROXECTO E VIDA. Por Afonso Becerra de Becerreá

Onte, domingo 28 de xaneiro de 2018, fun ao Teatro Ensalle de Vigo ver *MASA MADRE + SAL MARINA*, de Cristina Balboa e seu marido, Manuel Parra García.

A peza está pegada á vida de Cristina e de Manuel, ás súas anDANZAS individuais e ao seu encontro, namoro e casoiro.

A peza é vida e documenta a vida.

Asemade, *MASA MADRE + SAL MARINA*, é un proxecto PANK.

Si, ademais de espectáculo, é un proxecto, xa que nel existe unha forte pulsión, non só por documentar e saldar débedas co pasado, senón, sobre todo, unha pulsión de futuro: seguir enriba dos palcos á súa maneira, cantando, bailando, facendo música...



*SAL MARINA*, a segunda parte, xoga, de xeito ambiguo, co simulacro dun concerto de música punk. Cristina e Manuel fan música, cantan e bailan. Isto é real, non é ningún simulacro. Porén, para dar paso a ese concerto finxen unha entrevista ante os medios de comunicación, mirando para nós e ficcionalizándonos, como se fósemos os asistentes á rolda de prensa deste afamado grupo de música punk. Isto, e os “¡Gracias Vigo!”, que berra Cristina, despois de cada tema, como se fosen aclamados polo público masivo, tende unha sorte de ironía e ambigüidade sobre os números musicais.


*MASA MADRE*, a primeira parte, podería calificarse de teatro postespectacular, xa que Cristina e Manuel, de pé fronte a nós, baixo uns cenitais, dedícanse a lernos, de xeito alterno, unha descrición do espectáculo que fixeron en México, de onde provén Manuel Parra, e sobre o espectáculo que lles gustaría facer agora. Tamén enumeran as súas fobias respecto ao teatro dramático aristotélico, no que se representan personaxes e historias.

Cadaquén lembra os personaxes que interpretou, con máis ou menos habelencia, así como as súas primeiras experiencias no teatro.

Así pois, non fan teatro, senón que nos describen o teatro que fixeron e queren facer. Aínda así, trufan este relato, con pequenas secuencias nas que, de súpeto, actúan aquela galería de personaxes de antano, como quen nos amosa un fragmento, revivido, dunha experiencia que precisa esconxurar.

Ao final, confésannos que, no fondo, fan teatro porque non foron capaces de facer música, que é o que, realmente, lles tería gustado, xa que a música chega, directamente, ás emocións.

Por tanto, esta primeira parte, *MASA MADRE*, lúdica e reflexiva, acaba por ser a xustificación da segunda parte, *SAL MARINA*.



En conxunto, *MASA MADRE + SAL MARINA* é un espectáculo posdramático, no que a beleza plástica non é unha pose, senón o resultado dun estar en escena co compromiso de traer a ela a vida, as frustracións (sen que manquen), e os proxectos. Unha peza que non quere pechase nin ser pechada, un proxecto.

Do mesmo xeito, a iluminación de Afonso Castro non é efectista nin previsible como acción.

A acción lumínica vai xurdindo, por veces, imperceptiblemente, sen que se note, e, de súpeto, enche o espazo de maxia e dun halo de graza e sublimidade.

Temos a sensación de que todo se vai facendo diante de nós e que, sen decatarnos, estamos entrando nun mundo propio co que, no entanto, podemos conectar e vibrar nesa mesma onda.

Divertímonos e vibramos con Cristina, Manuel e Afonso.

O Galiñeiro. O blog de teatro de Praza Pública.

<http://teatro.prazapublica.com/post/170280100696/o-teatro-como-proxecto-e-vida-por-afonso-becerra>